CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar e coñecer as características de cada unha das actividades económicas	PE	65
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar diferentes elementos e características do sector servizos Identificar produtos naturais e elaborados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar as principais características das fábricas e o sector servizos		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar, seleccionar e organizar información de internet con bastante criterio.	TI	35
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas sobre o tema e amosar curiosidade polo mesmo		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar, seleccionar e organizar información de diferentes fontes seguras e fiables		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Ser capaz de realizar sinxelos experimentos guiados		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Elaborar en grupo un mural sobre un dos sectores económicos.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> </ul>

## Contidos

- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas.
- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- Organización política e territorial de Galicia.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
6	MOITAS COUSAS FÁLANNOS DO PASADO	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as principais características que definen á evolución das cidades desde a Prehistoria ata hoxe en día	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar as idades da historia e as diferentes manifestacións artísticas que temos hoxe en día		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais no período da Prehistoria		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Buscar, seleccionar e organizar información de internet con bastante criterio.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas sobre o tema e amosar curiosidade polo mesmo		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar, seleccionar e organizar información de diferentes fontes seguras e fiables		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Ser capaz de realizar sinxelos experimentos guiados		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Elaborar en grupo a liña temporal da Historia e a biografía dunha persoa		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer, protexer e valorar o xeparque como un ben común		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> </ul>



## Contidos

- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.
- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.
- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.
- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.
- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. En cada sesión, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, establecerase unha rutina que permitirá desenvolver no alumnado a automatización nalgúns cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa e a aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, buscando o silencio e a recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal, tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

#### ASPECTOS XERAIS

- Partir dos coñecementos previos do alumno.
- Partir do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas:
  - \* Combinar traballo individual e cooperativo
  - \* Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.
- Uso habitual de dispositivos e recursos dixitais para levar a cabo as tarefas encomendadas.
- Ligazóns de interese relacionadas coa materia.
- Papel facilitador do docente

- A lectura como factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.

#### ELEMENTOS METODOLÓXICOS

- Instrumentos metodolóxicos: Visual Thinking / Aprendizaxe Baseada no Pensamento / Aprendizaxe baseada en retos / Pensamento artístico / Traballo cooperativo.
- Agrupamentos: Flexibles en función dos itinerarios escollidos (Individual, en grupos cooperativos heteroxéneos ou en gran grupo).
- Procesos cognitivos: Activar, Recordar, Analizar, Seleccionar, Secuenciar, Resolver, Aplicar, Comparar, Deliberar, Crear.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital con proxector.
Ordenador para o docente con diferentes aplicacións, altosfalantes.
Trece miniportátiles en bo estado para uso do alumnado.
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos...).
Libro en papel e libro dixital para docente e alumnado. Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos...).
Globo terráqueo e diversos mapas e representacións da terra e a comunidade autónoma
Material variado para consulta, localizado na aula e na biblioteca do centro (representacións varias do sistema solar, mapas...)
Libreta tamaño din A4
Material diverso fotocopiado de diferentes editoriais .
Repositorio de contidos Abalar

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicalo no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Orden de 26 de mayo de 2023 por la que se desarrolla el Decreto 155/2022, de 15 de septiembre.

Unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos/as, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real do presente curso escolar. Tamén se requirirá información que se considere de especial interese, ao equipo docente do curso anterior, información que ampliará e complementará a obtida polos medios anteriormente descritos.

A avaliación inicial levarase a cabo ao longo da segunda semana do inicio do curso e servirá para poder establecer uns criterios claros e concisos do nivel mínimo da clase en xeral, de cada alumno/a en particular e para informar sobre as dificultades que se detectan a nivel de necesidades de intervención do profesorado especialista en AL, PT, da que se dará cumprida información na Reunión de Avaliación que se realizará no centro.

Neste senso cómpre ter en conta tamén os informes individualizados do alumnado de nova incorporación ao centro,

xa que son a única referencia previa dispoñible.

As probas de avaliación inicial consistirán nunha ficha para respostar de xeito escrito e comprobar os coñecementos de cada unha das materias correspondentes ao curso anterior. A partir do conxunto de datos obtidos das probas anteriormente citadas, comunicarase ao DO e ao equipo docente, as medidas que xa se poden ir tomando na aula (reforzos e/ou atención individualizada) e de ser posible e/ou necesario convir o modo de intervención máis eficaz daquelas posibles dificultades detectadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional. Estas necesidades quedan reflectidas nun documento que a titora entrega na Reunión de Avaliación anteriormente citada e que se celebrará na última semana do mes de setembro uo primeira do mes de outubro.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	60	75	50	65	60	<b>58</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	40	25	50	35	40	<b>42</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das UD que compoñen o trimestre. Para cualificar cada UD utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota trimestral, no tocanta o que ás UD se refire é a seguinte:

\* 1º trimestre, 32%

\* 2º trimestre, 34%

\* 3º trimestre, 34%

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, será isto o que prevalecerá.

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para dar resposta á diversidade da aula teremos en conta o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, na etapa da educación primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade. Deste xeito, no grupo de 3º de educación primaria adoptaremos as seguintes medidas ordinarias para dar resposta as necesidades do noso alumnado: adaptaremos tempos e instrumentos de avaliación, faremos reforzo educativo, recibiremos apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria. Do mesmo xeito, de ser insuficientes as ordinarias poremos en marcha as seguintes medidas extraordinarias: apoios do profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica. Asimesmo, proporcionaremos variedade de formas de representación dos contidos, por medio de imaxes, audios e vídeos; empregaremos esquemas, resumos e glosarios, implicaremos aos discentes no seu aprendizaxe por medio de actividades que sexan relevantes para a vida cotiá dos alumnos/as e fomentaremos o traballo cooperativo na aula que entendan que traballar xuntos lles leva a conseguir un obxectivo, favorecendo así o emprego de estratexias de deseño universal de aprendizaxe. No caso de que ao longo do curso algún discente teña dificultade para asistir ao centro por causas debidamente xustificadas empregaremos a aula virtual do centro, colgando as tarefas que imos facendo na clase e outras actividades de reforzo/ampliación. A maiores, as familias poderán vir ao centro a recoller os materiais que precisen para a realización das tarefas durante os días que estén na casa. Todo isto acompañado da comunicación coa familia a través de ABALAR ou do correo corporativo da XUNTA. Por último, non nos podemos esquecer que na aula de terceiro teremos en conta o protocolo de absentismo no caso de que un alumnado falte máis do 10% do horario lectivo mensual, o de protección de datos así como o protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

Na etapa da educación primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científice e do emprendemento	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento da actividade física e o deporte	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais enumerados anteriormente, traballaranse tanto nas UD relacionadas co seu contido, como a través das diferentes actividades que se desenvolvan ao longo do curso. O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados máis especificamente en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha almazara da localidade	Relacionada coa agricultura e usos agrarios. Cultivos de secano e produtos que se obteñen a través do prensado das olivas.os unha breve Entronca tamén co PDI deste curso, xa que faremreseña histórica deste produto e o seu cultivo ancestral no territorio...	X		
Visita ao castelo de Castro Caldelas	Veremos o castelo medieval da localidade de Castro Caldelas e serviranos para introducir in situ a estrutura das vilas mrdievais así como as profesións máis televantes		X	
Excursión ás Médulas	Coñeceremos esta zona histórica patrimonio de humanidade			X

#### Observacións:

Visita a unha almazara: relacionada directamente coa UD-5 referente aos traballos.

Visita ao castelo da Castro Caldelas: relacionada coa UD-6 referente á Historia.

Excursión ás Médulas: relacionada coa UD-6 referente á Historia e á UD-1 sobre as paisaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?
Clima de traballo na aula
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?

### Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe, tamén se fará o seguimento da programación a través da aplicación informática PROENS.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas deixando constancia nas correspondentes actas.

## 9. Outros apartados